

SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)



Enunciados das preguntas teóricas e documentos

- Causas da Segunda Guerra Mundial
- As fases da Segunda Guerra Mundial.
- Características da Guerra e consecuencias da Guerra.
- A organización da Paz (as Conferencias e a ONU).

CAUSAS DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

Comenza, sinalando como se configurou a paz tras a IGM (*Tratado de Versalles*), como a percibiron os vencidos (Alemaña); tamén menciona brevemente o fracaso da SDN.


Continúa explicando como crise de 1929, e as dificultades económicas dos anos Trinta, crearon un clima de desconfianza e agresividade que rematou nunha nova guerra mundial. Un clima que se plasmou na crise das democracias e o establecemento de réximes políticos totalitarios.

Remata sinalando o inicio da II Guerra Mundial o 1 de setembro de 1939.

1. Fracaso dos Tratados de Paz da I Guerra Mundial.
2. Consecuencias crise 1929.
3. Ascenso dos totalitarismos e crise das democracias.
4. Nova política de alianzas e formación do Eixe.
5. Innovacións técnicas.

1. Fracaso dos Tratados de Paz da IGM.

A Paz de Versalles (1919) só tivo en conta os intereses dos vencedores e non o dos vencidos. Alemaña sufriu importantes perdas territoriais a favor de Francia (oeste), Polonia (leste), e outras zonas quedaron baixo a SDN como zonas desmilitarizadas



Alemaña¹ viuse privada do seu exército, ademais de ter que asumir unhas importantes cuantías polo pago das reparacións o que propiciou non só a crise de posguerra en 1923, senón tamén a aparición do nazismo.

Como consecuencia dos Tratados, desapareceron os grandes imperios como o Austro-Húngaro e xurdiron novas nacións como Austria, Checoslovaquia, etc.

Tampouco Italia que estaba dentro dos vencedores, quedou satisfeita coas condicións da paz. A partir de 1922, Mussolini, demandaría protagonismo internacional para o seu país, así como concesións territoriais en África e os Balcáns.

A pesar das axudas dos EEUU co Plan Dawes (1924) que servíu para reactivar momentaneamente a economía “Felices Anos Vinte”; o Crac da bolsa de Nova York en 1929, deu ao traste con toda esta situación.

2.Consecuencia da crise de 1929: Alemaña e EEUU foron os países máis perxudicados pola mesma. A dependencia da economía alemá respecto a americana provocou o peche de moitas empresas, a ruína dos bancos, e un elevado número de desempregados, creándose un ambiente de amplo descontento que facilito o ascenso de Hitler ao poder en 1933.

¹ Tampouco axudou a intransixencia francesa fronte a Alemaña agravou aínda máis as tensións que sacudían a Europa.

3. Ascenso dos fascismos e crise das democracias: os fascismos e os totalitarismos en xeral, xurdiron tras a IGM nun escenario de crise xeneralizada.

Hitler tras abandonar a SDN iniciou a súa política expansionista baseándose na teoría do espazo vital (lebensraum), reclamará o expansionismo territorial alemá, e a incorporación a Alemaña de todos os territorios de lingua alemá, e aqueles en os que os alemáns sexan demográficamente maioría, o que se concretou na anexión do Sarre (1935), a remilitarización de Renania (1936), anexión de Austria “**Anschluss**” (marzo de 1938), dos Sudetes (antiga Checoslovaquia) na **Conferencia de Munic**² (setembro de 1938), e a de Checoslovaquia (marzo de 1939), as democracias occidentais permaneceron impasibles, buscando o “apaciguamiento” para evitar unha confrontación militar.



En Italia, Mussolini buscou o expansionismo territorial para crear un imperio colonial que engrandecera ao país e formalizou con Alemaña unha alianza durante a Guerra Civil española, á que se sumou Xapón, cun réxime con trazos semellante ao fascismo.

Stalin desconfiando das democracias occidentais buscou na alianza con Alemaña a solución para defender os seus intereses; así el 23 de agosto de 1939 a URSS e Alemaña asinaron o “**Pacto de non Agresión**” que, entre as súas cláusulas³ secretas,

² Na que participaron o primeiro ministro británico Chamberlain, o francés Daladier, Hitler e Mussolini,

³ Cada unha das disposicións dun contrato, tratado, testamento ou calquera outro documento, público ou privado.

acordaban a invasión e a repartición de Polonia (que supuxo o comezo da II GM o 1 de setembro de 1939).

4.Nova política de alianzas e a formación do Eixe: o triunfo da Revolución bolxevique en Rusia en 1917, e o ascenso de Hitler ao poder en 1933, empeoraron as relacións internacionais:

→ **Alianza: Italia-Alemaña-Xapón:** os primeiros pasos déronse no contexto da Guerra Civil Española en outubro de 1936 co *Eixo Roma-Berlín*; que se ampliou en novembro cando Xapón e Alemaña asinaron o "*Pacto Antikomintern*" contra o comunismo.

En maio de 1939 Alemaña e Italia asinaron o "*Pacto de Aceiro*". Hitler desexaba contar con aliados en Europa e ambas potencias comprometíanse a apoiarse mutuamente en caso de guerra. Pero Italia non entrou na Guerra ata xuño de 1940 cando Francia estaba practicamente derrotada.

En setembro de 1940, Alemaña, Italia e Xapón asinaron o "*Pacto Tripartito*", con iso Xapón sumábase ao Eixo Roma-Berlín. O acordo obrigaba ás potencias signatarias a axudarse mutuamente en caso de guerra⁴.

→ **Alianza Hitler-Stalin:** O 23 Agosto de 1939 Hitler e Stalin asignaron (para sorpresa das democracias occidentais) un "***Pacto de non agresión***⁵". Hitler buscaba asegurarse a paz na fronte oriental. Stalin, illado internacionalmente, gañaba tempo para prepararse para unha inevitable guerra con Alemaña. Este *pacto de non agresión* contiña cláusulas secretas. Entre elas, estaba Polonia, que quedaría repartida, tras a súa invasión en dúas zonas: unha xermana e outra soviética.

5. Innovacións técnicas na que o desenvolvemento da aviación foi clave. Aplicáronse os avances científico-técnicos no desenvolvemento de novas armas (radar, avións de combate e bombardeiros, mellora dos tanques e submarinos, bombas dirixidas), ata chegar á bomba atómica. O novo armamento posibilitou a aplicación de novas tácticas militares como a "***guerra lóstrego***". Todo iso explica o elevado número de mortes, principalmente civís, e de destrucións desta guerra.

⁴ Xapón quedou liberado do compromiso de atacar á Unión Soviética.

⁵ Por medio dos seus ministros de asuntos exteriores Ribbentrop e Molotov.

FASES DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL: extensión xeográfica e duración

VITORIAS DO EIXE (1939-1942)

1. Que foi a “guerra lóstrego” ou “*Blitzkrieg*”.
2. Da alianza alemá-soviética en agosto de 1939, ao enfrontamento na “*Operación Barbavermella*” (1941):
 - ★ Invasión de Polonia e Finlandia (setembro-outubro 1939).
 - ★ Frente occidental
 - ★ Italia entra en guerra.
 - ★ Norte de África.
 - ★ Frente Oriental e Balcáns.
3. A mundialización e cambio:
 - ★ Invasión da URSS “*Operación Barbavermella*” (xuño 1941).
 - ★ Entrada dos EEUU tras o ataque xaponés á base de Pearl Harbor no Pacífico (7 de decembro de 1941).

VITORIA ALIADA (1943-1945)

Entrada dos EEUU na guerra (Pearl Harbour, 7/12/1941) e contraofensiva soviética e alianza cos Aliados: derrotas do Eixo:

1. Derrota alemá norte de África.
2. Ofensiva soviética no leste de Europa: Stalingrado (agosto 1942-xullo 1943).
3. A guerra no Pacífico (non fagas unha mera enumeración de batallas).
4. A invasión aliada de Italia (mediados de xullo de 1943 a 1945).
5. Desembarco de Normandía (6 de xuño de 1944) e cara o fin da guerra.

FIN DA GUERRA (1945)

1. Rendición alemá 4/05/1945.
2. Fin da guerra no Pacífico: Hiroshima e Nagasaki (6-9/08/1945), rendición xaponesa 2/09/1945.

Podemos distinguir **dúas fases** no desenvolvemento do conflito. **A primeira, 1939-1942**, marcada polos triunfos do Eixe (Roma-Berlín-Toquio); **a segunda, 1943-1945**, caracterízase polo retroceso xeneralizado das potencias do Eixe e a vitoria definitiva dos Aliados.


VITORIAS DO EIXE (1939-1942)

1. Que é a Blitzkrieg (*guerra lóstrego*)?

Na primeira fase da II GM en Europa, Alemaña buscaba derrotar aos seus inimigos movéndose con rapidez utilizando unha nova táctica militar, a **Blitzkrieg (*guerra lóstrego*)**. A táctica Blitzkrieg requiría da concentración de armas ofensivas nunha fronte. Estas forzas lograban abrir unha brecha nas defensas inimigas, e permitían que as divisións de tanques alemás penetrasen rapidamente e tivesen o paso libre ante a sorpresa e desorganización inimiga sen capacidade de reaccionar e reorganizarse ante o ataque da aviación.

2. Do Pacto de Non Agresión á Operación Barbavermella

Coa **invasión alemá de Polonia, o 1 de setembro de 1939** iniciouse a Segunda Guerra Mundial. Polonia estaba nas cláusulas secretas do *Pacto de non agresión*⁶ de Alemaña e a URSS.



⁶ Pacto de non agresión asinado en agosto de 1939 no que acordaban anexionarse o país e dividido en dúas áreas: unha para os soviéticos e a outra para os alemáns

Invasión de Polonia e Finlandia (setembro-outubro 1939).

O 1 de setembro de 1939 o exército alemá invadiu Polonia polo Oeste, ao mesmo tempo que as tropas soviéticas atacaban polo Leste. Polonia foi rapidamente derrotada e capitulou a finais de setembro, desaparecendo Polonia como país en outubro de 1939.

O 3 de setembro, Reino Unido e Francia, declaraban a guerra a Alemaña.

Frente occidental

Entre setembro de 1939 e maio de 1940, a guerra focalizouse no Leste e o Norte de Europa. No Leste, Polonia foi invadida e repartida entre rusos e alemáns. No Norte, Stalin atacou Finlandia; e Hitler invadiu Dinamarca, Noruega, e en maio iniciou a invasión de Francia.

Franceses e ingleses esperaban que o ataque alemá se efectuase pola fronteira belga (igual que ocorrira na IGM) de ahí a organización da Liña Maginot⁷ que percorría a fronteira francoalemá e belga. Pero aínda que unha parte do exército alemá atacou polas chairas belgas; a maior parte da ofensiva levárona a cabo polo bosque das Ardenas que o alto mando francés consideraba infranqueable para as unidades acorazadas e motorizadas alemás⁸.

O 15 de maio de 1940 capitulaba Holanda, o 28 Bélxica e o 22 de xuño Francia. Co armisticio **Francia foi dividida en dúas zonas**: a costa e o norte, incluído; e París foi ocupada polos alemáns; o sur e interior francés quedaban baixo o goberno francés presidido por Petain e colaborador cos nazis con capital en Vichy. A resistencia francesa organizaríase ao redor da figura do xeneral de Gaulle desde Londres.

Italia entre na Guerra

O 10 de xuño de 1940, Mussolini, tras a derrota de Francia e as dificultades de GB declaroulle a guerra a ambos.

A batalla de Inglaterra (xullo-outubro de 1940)

A derrota francesa deixou a GB soa fronte a Alemaña. A superioridade da mariña británica sobre a alemá, afastaba o perigo dun desembarco inmediato, de ahí que a “*batalla de Inglaterra*” fose unha batalla fundamentalmente aérea na que grandes formacións de avións alemáns levaron a cabo constantes incursións en territorio británico. As principais cidades do Reino Unido, especialmente Londres, foron bombardeadas, a pesar da oposición da RAF (Royal Air Force) británica.

⁷ Liña Maginot: conxunto de fortificacións, consideradas inexpugnables, construídas polos franceses ao longo da fronteira, entre 1929 e 1931.

⁸ O exército alemá avanzaba seguido dos tanques e da aviación.

Norte de África (1940)

A entrada en guerra de Italia, inaugurou unha nova fronte no Norte de África. O obxectivo de Alemaña e Italia era controlar o Mediterráneo e o norte de África, para obter un fácil acceso ao petróleo de Oriente Próximo, que necesitaban ambos países e derrotar aos ingleses no Mediterráneo.



Os fracasos de Italia en Egipto fronte a GB levaron a Hitler a enviar un selecto corpo de exército especialmente adaptado ás condicións da guerra no deserto⁹: **o Afrika Korps**. ao mando de Rommel que avanzou desde Trípoli (Libia) ata ser derrotados polos ingleses con Montgomery na 2ª *Batalla de Alamein*¹⁰ en outubro de 1942.

Frente Oriental e Balcáns

Tras a invasión italiana e Alemá de Grecia, Hitler controaldas Romanía, Hungría e Bulgaria, invadiu Iugoslavia. Co control alemá dos Balcáns, Alemaña comezou a invasión da URSS o 21 de xuño de 1941.

⁹ A guerra no deserto librouse con estratexias e medios diferentes aos empregados na guerra en Europa. A natureza do terreo e o clima extremo non permitían aos exércitos afastarse demasiado das bases de abastecemento de auga, petróleo e víveres. Sen obstáculos naturais, as unidades acorazadas movíanse con gran rapidez por enormes espazos, nun constante avance e retroceso, con abundantes avarías mecánicas ou a falta de combustible.

¹⁰ A 1ª Batalla de Alamein coincidiu co comezo da ofensiva de Stalingrado (Xullo de 1942).

3. A mundialización da Guerra e cambio:

Invasión da URSS “Operación Barbavermella” (xuño 1941).

O pacto de non agresión entre Stalin e Hitler de 1939 era circunstancial. Coa **operación Barbavermella** (22 de xuño de 1941), Hitler atacaba ao seu maior inimigo ideolóxico (o comunismo), pero tamén esperaba explotar a produción agraria e mineira rusa e trataba de evitar unha alianza de británicos e soviéticos.

Os alemáns estableceron tres obxectivos fundamentais que foron asumidos por tres corpos de exército. O do Norte, que buscaba a conquista de Leningrado (actual San Petersburgo), o do Centro, Moscova (a capital), e o do Sur, cuxo obxectivo era Kiev (capital de Ucraína).

As operacións deberían concluírse antes do inverno, pois os exércitos alemáns estaban preparados tan só para unha guerra dunhas poucas semanas. Os alemáns prevían que os rusos, tomados por sorpresa, se desmoronarían facilmente.

Stalin asistiu con sorpresa á inesperada invasión e tardou algún tempo en reaccionar. Para frear o avance xermano, Stalin ordenou consumir a estratexia de “*terra queimada*” dificultando así o abastecemento alemá durante o inverno. Numerosas fábricas foron desmanteladas e trasladadas enteiras máis aló da cordilleira dos Urales, na zona asiática de Rusia.



Operación Barbavermella (xuño 1941)

Terra Queimada?

Táctica militar que consiste en destruír absolutamente todo o que poida ser de utilidade ao inimigo cando unha forza avanza a través dun territorio ou se retira deste.

A expresión provén da práctica de queimar os campos de cereais durante as guerras e conflitos na antigüidade.

O 8 de setembro de 1941 iniciouse **o cerco a Leningrado**, que se prolongou 900 días, ata 1944.

A chegada do inverno de 1941 detivo o avance alemán. Os alemáns preparados tan só para unha curta campaña, sen o abastecemento e os uniformes adecuados, comezaron a resentirse. Foi o momento elixido por Stalin para lanzar a súa contraofensiva.

No verán de 1942 os alemáns iniciaron unha nova ofensiva cara ao sur, para controlar os xacementos petrolíferos do Cáucaso e tomar **Stalingrado** (actual Volgogrado), importante centro industrial e de comunicacións a beiras do río Volga.

A cidade foi obxecto de intensos ataques, quedando reducida a escombros e as baixas en ambos os bandos foron enormes, especialmente no soviético. En outubro os alemáns lograran facerse co 80% da cidade, pero estaban a piques de colapsarse. Hitler negouse a retirar ao exército alemán a pesares das peticións dos militares ao mando¹¹.

En novembro de 1942 os rusos, comandados por Zhúkov, contraatacaron e cercaron ao exército alemán que capitulou o 23 de febreiro de 1943.

A **Batalla de Stalingrado** (agosto 1942-febreiro 1943) foi considerada como a máis sanguenta da historia. Nela perderon a vida, xunto a centos de miles de soldados, máis dun millón de civís rusos. Os combates desenvolvéronse en extremas condicións entre ruínas, con escasas subministracións de alimentos, sen recursos médicos e hixiénicos deplorables (os cadáveres corrompíanse entre os entullos).

Stalingrado representou un auténtico desastre para o exército alemán forzados a pasar á defensiva. A partir de entón o avance do exército soviético foi imparable.

¹¹ Von Paulus

Entrada dos EEUU tras o ataque xaponés á base de Pearl Harbor no Pacífico (7 de decembro de 1941).

Desde os anos 30, Xapón levava a cabo unha agresiva política de conquistas territoriais (imperialismo) sobre todo en China con quen estaba en guerra desde 1937. Buscaba abastecerse de materias primas abundantes e baratas e a creación dun extenso mercado onde colocar os seus produtos industriais.

Xapón reforzada tras a súa alianza con Hitler en 1940 “Pacto Tripartito” (27/09/1940) ocupou Indochina¹², o que levou aos EEUU a impoñer aos xaponeses unha serie de sancións económicas. Os xaponeses para seguir avanzando no sueste asiático, necesitaban derrotar aos EEUU, e dicir, destruír a potente flota americana no Pacífico.

O 7 de decembro de 1941 os xaponeses atacaron por sorpresa a base estadounidense de Pearl Harbor, nas illas Hawai. O 8, o presidente Roosevelt declaraba a guerra a Xapón co apoio de GB. Alemaña, Italia e os estados aliados declararon a guerra a EEUU.

A guerra mundial pasou a desenvolverse en tres escenarios principais: en Rusia, entre a Alemaña e a URSS; o segundo en África, entre alemáns e italianos contra británicos e estadounidenses; e un terceiro, entre xaponeses e norteamericanos, no Pacífico.

En 1942 as tropas do Eixe comezaron a ter as súas primeiras derrotas serias e iniciouse a contraofensiva aliada.

¹² Indochina era colonia de Francia.

VITORIA ALIADA (1943-1945)

A finais de 1942 e comezos de 1943, os Aliados contiveron o avance das tropas do Eixe e provocaron as súas primeiras derrotas: o Afrika Korps no norte de África (o Alamein); e en novembro de 1942 os rusos emprenden a contraofensiva de Stalingrado. E no Pacífico os xaponeses foron derrotados no Pacífico, Batalla de Midway (xuño de 1942).

Derrota alemá norte de África.

Tras a derrota dos alemáns na segunda Batalla do-Alamein (outubro de 1942 Exipto), tivo lugar un desembarco estadounidense (Eisenhower) en Marrocos e Alxeria. As tropas italo-xermanas, acabaron rendíndose en maio de 1943.

A derrota no norte de África tivo serias repercusións para o Eixo, ao deixar a zona do Mediterráneo (sur de Italia) baixo contro dos aliados. Desde Tunes as tropas de Montgomery (GB) e Eisenhower (EEUU) invadiron a illa de Sicilia e, desde alí, asaltaron a península.

Ofensiva soviética no leste de Europa: Stalingrado (agosto 1942-xullo 1943).

A chegada do inverno de 1941 frenou o rápido avance alemán ata a primavera de 1942. E tras o inicio do contraataque soviético, Hitler asumiu a dirección do exército, dando instrucións ás súas tropas de non retroceder.

Entre agosto de 1942 ata febreiro de 1943 tivo lugar a batalla Stalingrado (a cidade erae un importante núcleo industrial e de comunicacións, dentro da zona do Cáucaso con numerosos xacementos petrolíferos). Unha cidade que quedou totalmente destruída.

Tras o contraataque ruso, os alemáns capitularon o 23 de febreiro de 1943. Stalingrado foi considerada como a máis sanguenta da historia e o comezo da derrota alemá.


A guerra no Pacífico.

Tras o bombardeo de Pearl Harbor (7/12/1941), Xapón obtivo unha serie de exitosas conquistas no océano Pacífico. Pero tras a derrota xaponesa (5 de xuño de 1942) na *Batalla de Midway*¹³ (situada no océano Pacífico, entre Asia e América).

A *batalla de Midway* foi o principio do fin para a supremacía xaponesa no Pacífico. Os norteamericanos considerárona como un desquite polo ataque de Pearl Harbor e desde 1943 desenvolveron unha dobre estratexia de avance polo Pacífico Sur (MacArthur), e outra polo Pacífico Norte.

¹³ Os xaponeses querían apoderarse deste enclave para atacar o arquipélago das Hawai.

Entre febreiro de 1945 e xuño de 1945, tiveron lugar os asaltos ás ilas de *Iwo Jima* e *Okinawa*. Foi un dos máis sanguentos episodios da contenda xa que os norteamericanos atopáronse coa desesperada resistencia dos pilotos suicidas xaponeses **“kamikazes”**.



Guerra no Pacífico

A invasión aliada de Italia (mediados de xullo de 1943 a 1945).

Tras a rendición alemá no norte de África, os aliados pasaron a ter o control de gran parte do Mediterráneo, converténdose Italia nun novo obxectivo.

En xullo de 1943 os estadounidenses desembarcaron en Sicilia. Mussolini foi detido e destituído por orde do rei Víctor Manuel III, quen nomeou como primeiro ministro ao mariscal Badoglio. Italia rendíuse, e pasouse ao bando aliado. O 13 de outubro de 1943 declaraba a guerra a Alemaña.

Hitler, alertado da traición italiana, ordenou a invasión do país, e Italia quedou dividida en dúas partes: unha, ao sur, en mans dos aliados; a outra, en poder dos alemáns, baixo a teórica soberanía da República Social Italiana, presidida por Mussolini¹⁴

¹⁴ Mussolini foi rescatado do seu cativerio por paracaidistas alemáns en setembro de 1943.

Tras duras batallas como a de *Montecassino* (xaneiro-maio de 1944); os aliados chegaron a Roma o 4 de xuño de 1944 ao tempo que os alemáns emprendían a retirada e a resistencia da guerrilla italiana “partisanos” atacaba aos alemáns e aos italianos que apoiaban a Mussolini.

O 28 de abril de 1945 as forzas alemás que permanecían en Italia capitularon. Mussolini apresado por un grupo de partisanos cando intentaba fuxir a Suíza e posteriormente sería fusilado xunto coa súa amanta Clara Petacci en Milán.

A conquista de Italia implicou un duro golpe a Hitler. Os exércitos aliados ameazaban directamente o sur alemán.



Desembarco de Normandía (6 de xuño de 1944) e cara o fin da guerra.

Desde finais de 1943, os soviéticos demandaban que se abrise unha nova fronte no occidente europeo, para aliviar a presión das súas tropas no sector oriental.

O 6 de xuño de 1944, o "Día D", levouse a cabo o desembarco nas praias de Normandía, no norte de Francia. A **"Operación Overlord"** ou **"Xefe Supremo"**, estivo formada por tropas estadounidenses, británicas, canadenses, francesas e voluntarios doutros países, ao mando do estadounidense Eisenhower e do británico Montgomery, levaron a cabo o desembarco¹⁵ (considerada a operación máis importante da guerra).

Os aliados, vencendo a resistencia alemá, avanzaron cara a París. A capital francesa foi liberada o 26 de agosto de 1944 polo xeneral De Gaulle. En setembro os aliados lograban recuperar a totalidade de Francia, e Bélxica.

A contraofensiva alemá no bosque das *Ardenas* entre decembro de 1944 a xaneiro do 45 non impediu aos aliados avanzar e cruzar o río Rin. Na Batalla das Ardenas o III Reich esgotara as súas últimas reservas; os rusos tamén avanzaban polo leste.

FIN DA GUERRA (1945)

Rendición alemá 4/05/1945.

Acosada por dúas fronteas, Alemaña trataba de resistir os ataques dos anglo-americanos polo Oeste, e dos soviéticos polo Leste. Os aliados emprenderon a carreira cara a Berlín. Na capital loitouse casa por casa ata que houbo de capitular. O 30 de abril de 1945, Hitler suicidábase no búnker da Cancillería, ese mesmo día, os soviéticos tomaron o Reichstag (Parlamento alemán) e rodearon a Cancillería.

Entre o 2 ao 8 de maio os alemáns capitulaban. Pero a guerra, non concluíra, pois en Asia os xaponeses seguían resistindo.

Fín da guerra no Pacífico: de Hiroshima e Nagasaki (6-9/08/1945), á rendición xaponesa 2/09/1945.

Desde xaneiro de 1945, estadounidenses e británicos reconquistarán as illas do Pacífico e Indochina. Os aliados controlaban unha ampla área que ameazaba directamente o arquipélago xaponés que foi sometido a un bloqueo e a violentos bombardeos estratéxicos, pero Xapón resistía.

¹⁵ As tropas alemás destinadas a repeler o desembarco, foron enganadas pola intelixencia aliada.

O presidente Truman, sucesor de Roosevelt (falecido o 12 de abril de 1945), decidiu utilizar as armas nucleares coa xustificación de aforrar vidas humanas.

A primeira das bombas lanzouse o **día 6 de agosto de 1945 sobre a cidade de Hiroshima** provocando a morte instantánea de preto de 100.000 persoas, ás que houbo que sumar as que faleceron posteriormente, como consecuencia das feridas e os efectos das radiacións. **A segunda o 8 sobre a cidade de Nagasaki.**

Xapón rendeuse incondicionalmente o 2 de setembro de 1945. Transcorreran 4 meses desde a rendición do III Reich, **remataba a Segunda Guerra Mundial.**

CARACTERÍSTICAS DA GUERRA E CONSECUENCIAS.

Características da Segunda Guerra Mundial

Foi a guerra máis devastadora e de maior alcance internacional da historia xa que as operacións militares desenvolvéronse simultaneamente no Atlántico, o Pacífico, o Índico, o Mediterráneo etc. Europa, Asia e África.

Os contendentes buscaron aniquilar ao inimigo, e desenvolveron unha *guerra total* dedicando grandes cantidades de recursos materiais e humanos á consecución da vitoria, así como a posta en práctica de novas estratexias de combate como a “guerra lóstrego”.

Supuxo a aplicación de novas tecnoloxías tanto para o armamento como para o transporte e as comunicacións, como os radares, o soar, os avións (de combate, observación, bombardeo, transporte, os portaavións na mar, etc), as computadoras, a bomba atómica, etc.

Provocou un número de baixas sen precedentes, calcúlase entre 40 e 60 millóns de mortos (militares e civís), ademais dunha gran cantidade de feridos. Ademais, ocasionou a destrución completa de cidades en Europa e o Pacífico.

Dentro desta elevada cifra de mortes, incluír o plan nazi de exterminio da poboación xudea europea, a “*solución final*” que implicou o asasinato de seis millóns de xudeus en campos de concentración e exterminio, aos que se sumaron outros grupos sociais.

A guerra alterou a economía mundial. Os países belixerantes adaptaron o seu sistema produtivo e recursos ao conflito (importancia da industria pesada, incorporación das mulleres, longas xornadas de traballo, etc).

A propaganda e a censura tiveron un papel destacado durante a guerra, xa que as noticias do ocorrido nas fronteas estaba controlada para animar á poboación a alistarse.

Resistencia e colaboración dentro dun mesmo país, respecto á resistencia, xurdiron grupos como os maquis, partisanos, guerrilleiros de diferentes países e ideoloxías dispostos a loitar contra a ocupación estranxeira.

Os campos de concentración en todas as guerras existiron campos de prisioneiros, pero o as cifras e características dos levantados na IIGM foron alarmantes. Campos nos que se esperaba a aniquilación, explotación da forza de traballo do inimigo.

Información sobre os campos de concentración e exterminio nazis

<https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/concentration-camps-1939-42>

<https://encyclopedia.ushmm.org/content/es/article/killing-centers-an-overview>



Campos nazis

*Respecto aos campos alemáns veremos máis información a través de documentais.

Mencionar a existencia de campos de internamento para xaponeses nos EEUU tras o bombardeo de Pearl Harbor (decembro de 1941) o presidente Roosevelt ordenou o ingreso de 120.000 cidadáns xaponeses en campos de internamento para evitar supostos actos de espionaxe. Tras a súa liberación, os norteamericanos de orixe xaponesa internados nestes campos, foron indemnizados con 25 dólares.

Consecuencias

Comenza cunha breve reflexión sobre o remate da mesma en Europa e Asia. A partir de ahí, trata os diferentes apartados, pero non te limites á mera enumeración de cifras, se recolles algún dato, que estea brevemente explicado.

Consecuencias demográficas:

Perdas humanas, con máis de 80 millóns de mortos¹⁶, e máis de 65 millóns de desaparecidos. A maioría civís non combatentes. As razóns destas cifras foron:

- Os bombardeos masivos sobre grandes núcleos urbanos.
- Desnutrición, enfermidades, o lanzamento das bombas atómicas sobre Xapón.
- O emprego dun armamento altamente sofisticado.
- O Holocausto nazi.

País	Millóns de mortos
Rusia (URSS)	17 aos 37 millóns
China	10 aos 30 millóns
Polonia	3 aos 6 millóns

Estas cifras tiveron gran influencia nas taxas de natalidade (que descendieron, fíxate nos grupos de 0-5 anos), e mortalidade (aumentaron) en países afectados polo conflito.

Desprazamento forzoso de millóns de persoas pola destrucción de cidades como Hiroshima, Nagasaki, Dresde, Varsovia, etc; polo cambio de fronteiras e a creación de novos países.

Consecuencias económicas

Europa quedou devastada como consecuencia dos bombardeos, perdeu aproximadamente o 50% da súa industria. Tamén afectou á agricultura co que a fame reapareceu de novo en Europa.

A industria bélica tivo que reconvertirse en tempos de paz para a produción de bens e prestar servizos á poboación. Europa perdeu definitivamente o seu liderado económico fronte a estas dúas potencias (sobre todo os EEUU).

¹⁶ Algúns investigadores mesmo dan un número de 100 millóns.

Consecuencias territoriais

A II Guerra Mundial levou consigo importantes modificacións nas fronteiras europeas. Tamén un cambio radical no equilibrio mundial.

Alemaña cos límites que tiña en 1918, quedou dividida en catro zonas de ocupación, administradas polas catro potencias aliadas (EEUU, a URSS, Reino Unido e Francia) que deu paso coa Guerra Fría a dous estados: a República Federal de Alemaña, con capital en Bonn, e a República Democrática Alemá, con capital en Berlín.

Xapón tivo que devolver os territorios ocupados a China; e aínda que conservou a figura do emperador (Hirohito), foi ocupado e sometido á administración de EEUU que ocuparía ademáis varias illas do Pacífico.

Consecuencias políticas

Marcou o inicio da descolonización e da bipolarización que marcaría os anos da Guerra Fría (1946-finais dos anos 80 do século XX). Tanto os EEUU como a URSS saíron reforzados do conflito e como tal loitarían pola hexemonía mundial.

Consecuencias ideolóxicas e morais

Debidas ás matanzas de civís nos bombardeos; as execucións en masa; a total destrución de Hiroshima e Nagasaki, o xenocidio nazi, etc

Á luz das atrocidades cometidas, unha vez rematada a guerra, levaron a cabo os *Xuízos de Núremberg* (1945-1946) e *Tokio* (1948), que sentaron as bases do dereito penal internacional, fundáronse as Nacións Unidas (1945) e redactouse a Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948).

ORGANIZACIÓN DA PAZ E A CREACIÓN DA ONU

Tras a finalización do conflito non se celebrou conferencia algunha de paz, tal e como sucedera ao terminar a IGM. Ao longo da guerra, os aliados reuníronse en diversas ocasións para tomar decisións concernentes á marcha das operacións, así como para bosquexar os plans de paz. As principais **conferencias** foron:

Teherán (Irán), a finals de 1943 entre Churchill, Stalin e Roosevelt co obxectivo de acelerar a conclusión da guerra e planificar a posguerra.

Ialta (Crimea, URSS) febreiro de 1945, case a punto do remate da guerra en Europa (Churchill, Roosevelt e Stalin).

Nela decidiuse a división de Alemaña en catro zonas de ocupación (EEUU, a URSS, Reino Unido e Francia), tamén se tratou o dereito da URSS a consolidar a súa área de influencia sobre os territorios de Europa oriental liberados por ela.

Conferencia de San Francisco (xuño de 1945) na que se fundou a ONU.

Coa idea de crear un organismo que regulase as relacións internacionais de forma pacífica substituíndo á Sociedade de Nacións.

Conferencia de Postdam (Alemaña) en agosto de 1945, xa rematada a guerra en Europa e a piques da rendición xaponesa. Reuníronse Stalin, o novo presidente dos EEUU Harry Truman (tras a morte de Roosevelt), e o británico Clement Attlee (vencedor nas urnas).

En Postdam concretáronse os aspectos da división de Alemaña en catro zonas de administración adoptados en Ialta extenténdoos a Berlín e Viena.

Decidiuse crear un Tribunal Internacional coa misión de xulgar aos criminais nazis. Respecto a Xapón, tras a súa capitulación, quedaría baixo a responsabilidade de EEUU. Por último, delimitáronse os cambios territoriais producidos tras a guerra.

Nesta conferencia de Postdam comezaron a verse os desacuerdos do que logo sería a Guerra Fría entre soviéticos e estadounidenses.

Na **conferencia de París** (1946-1947) discutíronse os tratados de paz cos países europeos que apoiaran á Alemaña Nazi: Italia, Hungría, Romanía, Bulgaria e Finlandia.

A creación da ONU

Nas conferencias celebradas durante a guerra, os aliados pensaron na conveniencia de crear unha organización que se encargase do mantemento da paz internacional.

Os estados fundadores na *Carta de San Francisco* en xuño de 1945, tiveron en conta a malograda experiencia da Sociedade de Nacións, que deixou de funcionar en 1946.

Entre os seus obxectivos primordiais:

- A procura da salvaguardia da paz e seguridade internacional.
- A defensa dos dereitos do home.
- A igualdade de dereitos para todos os pobos.

Os principais organismos que compoñen a ONU son:

-A Asemblea Xeral: integrada por todos os estados membros, con dereito a voto. Só pode emitir recomendacións, as súas decisións non son vinculantes. Elixen os membros do resto dos órganos e ao Secretario Xeral.

-O Consello de Seguridade: órgano executivo formado por 15 membros, 5 permanentes (EEUU, Reino Unido, a URSS (actualmente Rusia), Francia e China). Contan con dereito a veto. Os outros 10 membros son elixidos pola Asemblea durante un período de dous anos. O Consello de Seguridade ten a potestade de impoñer sancións ou decidir intervencións militares.

-A Secretaría Xeral: presidida polo Secretario Xeral, elixido por períodos de 5 anos pola Asemblea Nacional, a proposta do Consello de Seguridade. Cunha misión mediadora e ten atribucións administrativas. Preside o Consello de Seguridade.

Ademais destes órganos, a ONU ten outros organismos máis especializados, como a FAO (Organización para a Agricultura e Alimentación), a UNESCO (encargada de promover a educación, cultura, ciencia), UNICEF (da infancia), OIT etc.

A ONU desempeña un papel importante na defensa dos dereitos humanos. En decembro de 1948 aprobouse un documento fundamental, a ***“Declaración Universal dos Dereitos Humanos”***.

O funcionamento da ONU experimentou as súas primeiras dificultades xa desde a súa creación, co comezo da Guerra Fría.

<https://www.un.org/es/>